

Circular informativa do grupo de traballo de Economía da Empresa

Estimado/a profesore/a,

Como director do grupo de traballo, traslado por medio da presente circular a información relativa ao modelo de exame de Economía da Empresa para as convocatorias da ABAU correspondentes ao ano 2021.

Atendendo os resultados das probas de 2020 e co obxecto de alinear a opcionalidade do examen de Economía da Empresa co resto de materias, o grupo de traballo acordou realizar un axuste no modelo de exame que se utilizou nas convocatorias de 2020.

O modelo de exame para as convocatorias de 2021 ten as seguintes características e estrutura (véxase novo modelo de exame dispoñible na páxina web da CIUG):

O exame consta de **seis preguntas** cun valor de 2,5 puntos cada unha, das que o alumno poderá responder a **un máximo de catro**.

As preguntas 1, 2 e 3 son de carácter teórico. Cada unha destas preguntas ten un valor de 2,5 puntos e consta de catro apartados dos que o alumno deberá responder **unicamente** a dous.

As preguntas 4, 5, 6 son problemas prácticos. Cada un destes problemas ten unha puntuación de 2,5 pts.

Nótese que o cambio máis destacable con respecto ao anterior modelo é que co novo modelo de exame non será posible acadar a máxima calificación resolvendo unicamente os casos prácticos.

Por suposto, o novo modelo de exame axústase ao proposto na normativa vixente (Orden PCM/362/2020, publicada no BOE do 23 de abril) na que se determinan as características, o deseño e o contido da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade.

En particular, co novo modelo séguese a cumprir a premisa de que o alumnado non se vexa prexudicado por non traballar en clase algún bloque ou bloques de contido da materia, polo que disporá da posibilidade de obter a máxima puntuación sen realizar as preguntas correspondentes a algún dos bloques de contido da materia.

Quero aproveitar a ocasión para agradecer o esforzo de adaptación realizado no pasado curso e para desexarvos o mellor para o curso que ven de iniciarse.

Quedo á vosa disposición para calquera consulta ou aclaración que precisedes.

Recibe un cordial saúdo

José Manuel Sánchez Santos

Director do grupo de traballo de Economía da Empresa

Este documento non utiliza o xénero gramatical como elemento discriminador por sexo. Ao longo do mesmo utilízase o xénero gramatical masculino só para referirse a colectivos mixtos.